

te a tramitación do procedemento, cos efectos establecidos nese precepto e no Real decreto 209/2003 e demais normativa aplicable. No enderezo [www.mineco.es](http://www.mineco.es) manterase actualizada unha lista de provedores que ofrezan servizos de enderezo electrónico único coas especificacións que previamente se establezan.

4. Unha vez iniciada a tramitación do procedemento telemático, o interesado, unicamente cando concorran causas técnicas xustificadas, poderá requirir ó órgano correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios telemáticos e, neste caso, deberá comunicar ó órgano competente o enderezo onde se deban remitir as notificacións.»

3. Engádesse unha disposición adicional á orde do 26 de decembro de 2001, co seguinte teor:

«Disposición adicional. *Responsabilidade.*

O Ministerio de Economía non responderá do uso fraudulento que os usuarios do sistema poidan levar a cabo dos servizos prestados a través do sistema de Administración electrónica. Para estes efectos, os usuarios asumen con carácter exclusivo a responsabilidade da custodia dos elementos necesarios para a súa autenticación no acceso ó sistema de Administración electrónica, o establecemento de conexión preciso e a utilización da sinatura electrónica, así como das consecuencias que puidesen derivar do uso indebido, incorrecto ou negligente daqueles.

4. Engádesse unha disposición transitoria á orde do 26 de decembro de 2001, o contido da cal é o seguinte:

«Disposición transitoria. *Funcionamento do servizo de enderezo electrónico único.*

Cando se habilite o enderezo electrónico único previsto no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, ben como a utilización de medios telemáticos para a substitución da presentación de certificados polos cidadáns, o disposto no número 3 do número quinto desta orde entenderase substituído polo que estableza a normativa de desenvolvemento do citado Real decreto 209/2003 no relativo ó enderezo electrónico único.»

Disposición adicional. *Certificados expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

A prestación de servizos de certificación da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, no que se refire á emisión de certificados con validez ante o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos, rexeráse polos convenios vixentes coa dita entidade.

Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda con anterioridade á publicación da presente orde no «Boletín Oficial del Estado» continuarán sendo plenamente válidos e eficaces ante o Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos.

As mencións contidas nas distintas ordes ministeriais ós certificados expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda deberán entenderse extensivas a calquera certificado electrónico admitido nas relacións do Ministerio de Economía e os seus organismos adscritos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de setembro de 2003.

DE RATO Y FIGAREDO

## XEFATURA DO ESTADO

**17744** *REAL DECRETO LEI 5/2003, do 19 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar los danos producidos polas inundacións e a tormenta de sarabia acaecidas o día 16 de agosto de 2003 na localidade de Alcañiz (Teruel).* («BOE» 226, do 20-9-2003.)

Tras confluíren unha serie de fenómenos atmosféricos, o pasado día 16 de agosto produciuse sobre a localidade de Alcañiz, na provincia de Teruel, unha tormenta de sarabia de grandes dimensións acompañada de chuvias intensas que, no espazo de tres horas, deixaron caer 118 litros/m<sup>2</sup>, causando danos de consideración en teitos de vivendas, especialmente da zona antiga da cidade, e en edificios públicos de diversa titularidade e inundacións en zonas baixas da cidade, zonas de horta e polígono industrial. Así mesmo, as fortes chuvias e a sarabia afectaron infraestruturas municipais, camiños e redes secundarias de rega que precisan, en gran número de casos, dunha restitución completa.

A magnitude deste feito e as súas graves consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos principios de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación inmediata dos poderes públicos e á adopción dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras tendentes ó restablecemento gradual da normalidade coa reparación dos danos producidos.

O obxectivo, polo tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen á concesión de axudas económicas ós afectados, fundamentalmente para a reparación de vivendas, á que se lle deu prioridade debido á súa magnitude, outras, como a diminución de cargas tributarias ou a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto do sinistro sobre as empresas e particulares afectados.

Tamén se establecen precisións para lograr que a aplicación e o financiamento de determinadas medidas se leve a cabo mediante a debida coordinación de actuacións e cooperación entre os órganos da Administración xeral do Estado, da comunidade autónoma e da Administración local.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas inundacións nos cultivos configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Por iso, establécense nesta disposición indemnizacións de danos nas producións agrarias afectadas, exclusivamente cando estean aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado e estes riscos non teñan cobertura na regulación vixente do dito seguro.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, do

vicepresidente segundo do Goberno e ministro da Presidencia e dos ministros de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de setembro de 2003,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados polas inundacións e a tormenta de sarabia producidas o día 16 de agosto de 2003 sobre a localidade de Alcañiz (Teruel).

2. Para os únicos efectos de actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueles termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

### Artigo 2. *Danos en infraestructuras municipais e rede viaria das deputacións provinciais.*

Os proxectos que execute a corporación municipal de Alcañiz para as obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servizos previstos no artigo 26.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e ás de reparación da rede viaria da deputación provincial, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, e o Estado poderalles conceder unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

### Artigo 3. *Danos nas restantes infraestructuras públicas.*

Facúltase os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declararen zona de actuación especial as áreas afectadas, co obxecto de que estes departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes deles poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que executen tales departamentos para reparalos danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribi-los convenios ou acordos de colaboración necesarios co obxecto de garanti-lo financiamento das actuacións oportunas para restablece-la normalidade nas infraestructuras agrarias e rurais de uso colectivo.

### Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Serán obxecto de indemnización os danos ocasionados polas inundacións e a tormenta de sarabia nas explotacións agrarias que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios para o exercicio 2003, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibi-las anteriores indemnizacións, sempre e cando o agricultor contratase este seguro respecto ás mesmas producións no exercicio anterior.

Tamén se poderá percibir indemnización polos danos causados en producións non incluídas no vixente plan

anual de seguros agrarios, salvo que as producións afectadas estivesen garantidas por un seguro non incluído no sistema de seguros agrarios combinados.

Estas indemnizacións irán destinadas ós titulares daquelas explotacións situadas no termo municipal de Alcañiz (Teruel) que sufrisen perdas superiores ó 20 ou 30 por cento da produción asegurada, segundo se trate ou non de zona desfavorecida, conforme os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

### Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ó exercicio 2003 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias, locais de traballo e similares, situados no municipio de Alcañiz (Teruel), nos que se producisen danos como consecuencia directa das inundacións e a tormenta de sarabia, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens neles situados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes para a reparación dos danos sufridos, ou os estragos en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas para o exercicio 2003 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais, obrigados ó pagamento deste imposto, cando os seus locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa do sinistro mencionado, sempre que se acredite que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ó peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no seu exercicio que producirá os seus efectos desde o día 31 de decembro de 2002.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán tamén a das recargas legalmente autorizadas sobre aqueles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas da Xefatura Central de Tráfico a tramitación das baixas de vehículos solidadas como consecuencia dos danos producidos polas inundacións e a tormenta de sarabia e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados por estas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os puntos anteriores deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo ós orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

### Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias localizadas no termo municipal de Alcañiz (Teruel), e conforme as previsións contidas no artigo 35, número 4.1, do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio

de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a Orde HAC/225/2003, do 11 de febreiro, que desenvolve para o ano 2003 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido.

#### Artigo 7. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas inundacións e a tormenta de sarabia ós que se fai mención no artigo 1 terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición deste período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes nos que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo, baseándose en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata no feito que motiva esta norma, non se compute para efectos de consumir-los períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que perciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nestes expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuros no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, correspondentes ós meses de agosto e setembro de 2003.

3. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

#### Artigo 8. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servicios, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servicio de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas as hidráulicas, as estradas e, en xeral, calquera que resultase afectada polas inundacións e a tormenta de sarabia.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

#### Artigo 9. *Axudas excepcionais para vivendas.*

As axudas que se establecen neste artigo terán carácter extraordinario e rexeranse polo disposto neste real decreto lei, e non será de aplicación para a súa concesión o establecido sobre a materia na Orde do 18 de marzo de 1993, pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofe ou calamidades públicas, modificada pola Orde do 30 de xullo de 1996.

Nos supostos en que como consecuencia das inundacións e a tormenta de sarabia se producen danos no continente das vivendas, poderán concederse axudas económicas para a súa reparación ou reconstrución, sen que en ningún caso o importe da axuda poida ser superior a 24.000 euros.

A valoración destes danos efectuaráa o Consorcio de Compensación de Seguros e referirase o valor real do dano efectivamente causado, con distinción entre a contía que, de se-lo caso, correspondese indemnizar ó Consorcio conforme a normativa que regula a súa actividade e a contía que coubese outorgar en concepto de axuda consonte este real decreto lei.

#### Artigo 10. *Réxime especial de procedemento e financiamento das axudas por danos en vivenda.*

1. Para a valoración, determinación e contía das axudas para conceder a particulares en virtude do disposto no artigo 9, crearase unha comisión técnica mixta copresidida polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Aragón e o conselleiro de Obras Públicas de tal comunidade autónoma, e composta polo alcalde de Alcañiz, un representante da entidade local, un representante da Administración Xeral do Estado e un representante da Administración autonómica.

Esta comisión técnica, atendendo a criterios de equidade, tras valora-los gastos acreditados e danos peritados, así como a situación económico-social de cada solicitante, elevará ó órgano competente para resolver unha proposta individualizada motivada en relación coa axuda que se solicita, así como a contía que se concederá en caso de proposta favorable, que en ningún caso poderá supera-los límites que se establecen para cada suposto no artigo 9.

2. O financiamento específico de todas estas axudas efectuarao nun 50 por cento a Administración xeral do Estado con cargo ós créditos 16.01.223A.482 «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia» e 16.01.223A.782 «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados co carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior, e o resto polas administracións territoriais, segundo os acordos que se alcancen entre elas nos convenios que se subscriban para o efecto.

### Artigo 11. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 3.000.000 de euros, que poderá ser ampliado polo Ministerio de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación na Comunidade Autónoma de Aragón, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de equipos e instalacións industriais e mercantís, agrícolas, gandeiras e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia do sinistro que motiva esta norma, materializaranse en operacións de préstamo concedidas por estas entidades financeiras, coas características seguintes:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Aragón ou a Subdelegación do Goberno en Teruel, ou polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidese subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais que se puidesen establecer por iniciativa da Comunidade Autónoma de Aragón.

b) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do tres por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,75 por cento. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 3,75 por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, que decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo pola súa conta o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2003.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o ICO no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2, letra a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do tres por cento será cuberto con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

### Artigo 12. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propo-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 2, na parte que financia a Administración xeral do Estado, ata un importe de 600.000 euros, con cargo ó crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos deste departamento.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

### Artigo 13. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei,

coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e integrada polos representantes dos Ministerios de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Economía, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Aragón e un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei levarao a cabo a comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma de Aragón, a través da Delegación do Goberno.

### Artigo 14. *Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Aragón solicitará do Consorcio de Compensación de Seguros as correspondentes valoracións previstas neste real decreto lei, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consorcio terá dereito ó aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que este Consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilita-la tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderán transmitir os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que se concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

### Artigo 15. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración Xeral do Estado poderá subscribir co Goberno da Comunidade Autónoma de Aragón e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que esixa a aplicación deste real decreto lei.

### Disposición adicional primeira. *Competencias da Comunidade Autónoma de Aragón.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Aragón, ó abeiro do establecido no seu Estatuto de autonomía.

### Disposición adicional segunda. *Límite das axudas.*

O valor das axudas que se concedan en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outras administracións, organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondan en virtude de pólizas de aseguramento.

### Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos en bens de titularidade estatal e nos das comunidades de regantes financiarase con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais, e para estes efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición adicional cuarta. *Danos en infraestructuras públicas de titularidade das comunidades de regantes.*

Para os efectos previstos no artigo 3, decláranse de emerxencia as obras que execute o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para reparalos danos causados en infraestructuras públicas de titularidade das comunidades de regantes, comprendidas no seu ámbito de competencia, cun límite máximo de 900.000 euros.

Disposición adicional quinta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

En relación coas explotacións agrarias situadas en Alcañiz, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ó Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción de explotacións agrarias, daqueles expedientes dos que se dispón da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 19 de setembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**17809** REAL DECRETO 1126/2003, do 5 de setembro, polo que se establecen as regras xerais de utilización das indicacións xeográficas e da mención tradicional «viño da terra» na designación dos viños. («BOE» 228, do 23-9-2003.)

Segundo o Real decreto 409/2001, do 20 de abril, polo que se establecen as regras xerais de utilización de indicacións xeográficas na designación de viños de mesa, a mención tradicional «viño da terra» estivo reservada en España a viños de mesa que cumpran determinados requisitos. Sen embargo, o artigo 13.3 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, prevé que, no marco da normativa comunitaria, a dita mención se poida aplicar a outros tipos de viños distintos dos viños de mesa.

O anexo I do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, define

os distintos tipos de viño, ademais do viño de mesa; entre eles, os viños de licor, os viños de agulla e os viños de uva sobremadurada.

O Regulamento (CE) n.º 753/2002 da Comisión, do 29 de abril de 2002, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas, ofrece a posibilidade de aplica-lo réxime de indicacións xeográficas, acompañadas dunha mención tradicional específica, non só ós viños de mesa, senón tamén a outras categorías de viños.

Con tales antecedentes considérase conveniente empregar tamén a mención tradicional específica «viño da terra» para as categorías de «viño de agulla», «viño de licor» e «viño de uva sobremadurada».

Por outra parte, o artigo 51 do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 autoriza os estados membros para estableceren as regras de utilización de indicacións xeográficas na designación de viños de mesa. Así mesmo, a alínea A.2.b) do anexo VII do mesmo regulamento prevé que unicamente o viño de mesa con indicación xeográfica deberá ir acompañado polo nome dunha unidade xeográfica e que o dito viño se debe cualificar como «viño da terra».

Ademais, para esta categoría de viños é de aplicación o artigo 28 do Regulamento (CE) n.º 753/2002, que dispón os aspectos mínimos que deberán recolle-las normas estatais de utilización da mención «viño da terra».

Os cambios normativos producidos, tanto no ámbito interno, coa aprobación da citada Lei 24/2003, como os incluídos no Regulamento (CE) n.º 753/2002, aconsellan adaptar e pór ó día a lexislación na materia. Todo iso fai conveniente a adaptación do Real decreto 409/2001 á Lei 24/2003 e á recente normativa comunitaria, mediante esta norma, que o substitúe.

Na súa elaboración foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de setembro de 2003,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto regula o emprego da mención tradicional «viño da terra» asociado a un nome xeográfico na designación dos viños de mesa, dos viños de agulla, dos viños de licor e dos viños de uva sobremadurada, elaborados en España, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, que establece a organización común do mercado vitivinícola, e no Regulamento (CE) n.º 753/2002 da Comisión, do 29 de abril de 2002, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas.

2. Así mesmo, establece os requisitos e regula o procedemento para o recoñecemento das ditas mencións cando a competencia lle corresponda ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. A mención tradicional «viño da terra» quedará reservada ós viños que cumpran os requisitos que se fixan neste real decreto.